

1ª AVALIACIÓN

A priori todos estados aprobados; **a posteriori** algúns ides suspender. Este costume mantense **ab aeterno**. Este problema resolverase **ad Kalendas graecas**, e dicir, nunca.. Deu unha definición adecuada **ad hoc**. Interpretou a sinfonía **ad libitum**. Espero que a vosa felicidade dure **ad multos annos**. Na segunda edición desta obra engadirase unha **addenda et corrigenda**. Chegou a hora do exame, **alea iacta est**. A súa **alma mater** é a Universidade de Compostela. Os gladiadores entonaron o **ave, Caesar, morituri te salutant**. Os espectadores pediron un **bis** ó cantante. Anque non o logrou el actuou **bona fide**. Este exame parece feito **calamo currente**, sen a máis mínima organización. Logo do entroido non se pode comer carne, son as **carnes tollendas**. **Carpe diem**, mozo, pois a vida é moi curta, non perdas o tempo estudando latín. Os insultos ó Presidente foron esgrimidos como o **casus belli**. Na porta aparece a antiga expresión: **cave canem**. Foi Descartes quen dixo: “**cógito ergo sum**”. Baseou o seu pensamento na súa existencia: **cogito ergo sum**. É **conditio sine qua non** que haxa **quórum** para que a resolución sexa vinculante. Representantes relixiosos afirman que estes experimentos son **contra naturam**. Celebrouse unha misa de **corpore insepulto** (co cadáver presente). Sen **corpus delicti** non hai xuízo. Obtivo o doutoramento **cum laude**, polo esforzo realizado na súa investigación. Pedíronlle que lles mandara o **curriculum vitae**. En Roma as maxistraturas eran un honor, por iso se chamaban **cursus honorum**. **De iure** todos somos iguais, **de facto** os ricos case nunca van á cadea. Presentouse **de incognito**. Volveremos todos sans e salvos, **deo volente**. Pedro recibiu o **doctor honoris causa** na Universidade de Vigo. Nas negociacións sempre se ofrece algo para rebaixou a súa reclamación na negociación: **do ut des**. As veces a lei parece cruel, pero hai que cumprila, como se di **dura lex, sed lex**. **Ecce homo** é un tipo de estatuas que representan a Cristo antes de ser crucificado. Mercou unha **editio princeps** do Quixote. Non te preocupes pois **errare humanum est**. Alí hai cans, gatos, coellos, etc. O primeiro premio foi concedido **ex aequo** (por igual) á atleta rusa e á checa. Cando lle preguntas algo, parece que fala **ex cathedra** (dando unha lección maxistral). **Ex iure** ten que saír absolto deste xuízo. No **ex libris** aparece o nome do dono do libro. Vin **ex professo** para verte e non estabas. Isto emprégase **exempli gratia** nesta situación. Fundaron unha igrexa **extra muros**. Cando descubriron a vacina todos berraron: **fiat lux**. As ONG traballan **gratis et amore**. **Grosso modo** alí había 1000 persoas. O avogado solicitou o **hábeas corpus** para o detido.

2ª AVALIACIÓN:

Hai libros bos e malos, uns duran e outros desaparecen: **habent sua fata libelli**. Temos que tomar unha decisión **hic et nunc**. Ningunha especie trata tan mal os membros da súa propia especie coma o home, pois **homo homini lupus**. O home pertence á especie do **homo sapiens**. **Hora est iam de somno surgere** cando soa o despertador. A materia tende a ocupar todo espacio vacío, polo **horror vacui**. Como dixo o autor **ibidem**: Para min **idem**, o mesmo. Estudia na ESO., i.e., na Educación Secundaria.... Esta revolucionaria obra recibiu o **imprimatur** do obispado. O seu voto **in absentia** non foi aceptado. Esta decisión será asumida polo goberno **in aeternum**. Preguntoume o profesor e quedei **in albis**, non sabía que responder. Fixo testamento **in articulo mortis** (cando estaba a morrer). A culpa ten que ser demostrada totalmente e se non hai que absolver ó reo, pois **in dubio pro reo**. Marcou o 2º gol **in extremis**, cando xa estaban na prorroga. Non neguo os feitos pois foi collido **in flagranti delicto**. Tivo un accidente **in itinere** e déronlle a xubilación. **In illo tempore** a vida era máis fácil. Hai que fuxir dos extremismos, pois **in medio virtus**. Adicáronlle unha estatua **in memoriam** (en recordo). Ten a decisión tomada **in mente**, pero non sabe como poñela en práctica. Xa ten tomada unha decisión **in pectore**. E foron felices para sempre **in saecula saeculorum**. Tomáronlle declaración ás testemuñas **in situ**, logo do accidente. Comprendín rapidamente o funcionamento, **intelligentibus pauca**. Só os nenos e os borrachos din a verdade, pois **in vino veritas**. Foi o primeiro en realizar unha fecundación **in vitro**. **Inter nos** (en confianza, entre nós) ese tío é un cabró.... Foi elixida unha comisión para gobernar a asociación no **interim**, ata que elixan novo presidente. Marchade e aí **ipso facto**, ó instante. No exame hai un tremendo **lapsus calami**. Perdón, cometín un **lapsus linguae** (erro ó falar), o que quería dicir era... . **Lato sensu** esa definición é aceptable. Tras unha breve discusión aceptouse a postura do mestre, (pois xa dicían os latinos **magister dixit**), e tiveron que calar. Tras un período de desobediencia civil o goberno quixo restablecer a calma **manu militari**, (coa axuda do exercito). Entrei na súa habitación, e aquilo parecía un **maremágnum**, todo tirado, desordenado. Logo de perder o partido os xogadores entonaron o **mea culpa**. Na súa lápida escribiu sarcásticamente: **memento mori**. A dirección publicou un **memorando** coas obrigas do profesor de garda.

Mens sana in corpore sano, repiten os que fan unha vida san. Este grupo terrorista funciona sempre co mesmo **modus operandi**. O **modus vivendi** dos xoves é disfrutar. O forense dictaminou o suicidio como **mortis causa**. Púxose a limpar a súa habitación **motu proprio**, sen que lle mandase. O que dis, **mutatis mutandis**, pódese aplicar o meu caso. A proposta aprobouse, **nemine discrepante**. Todo segue igual, **nihil novum sub sole**. **Nihil obstat** que se cumpra esta decisión. Esa igrexa é famosa por unha representación: **noli me tangere** do Greco.

3ª AVALIACIÓN

A frase **non plus ultra**, foi corrixida cando apareceu América e xa había algo máis ala. Antes de poñerse metas moi altas hai que coñecerse un memsmo, **nosce te ipsum**. **N.B.** o afirmado por Ruíz no seu libro..... É difícil estudar Farmacia, pois o seu **numerus clausus** (número de prazas) é moi pequeno. Esta afirmación é válida **nunc et semper**. Véxase: Cela, C.J.: **Op.cit.**, páx 21. “**O tempora! O mores!**” berran todos os vellos cando falan do pasado. O que lle interesaba ó pobo era **panem et circenses**, é dicir, alimento e espectáculos. Unha denuncia por insultos é **peccata minuta**. O descubrimento foi feito **per accidents**. A renda **per capita** (por persoa) dos chinos é moi baixa. É algo que xorde **per se**, non precisa dun elemento externo. Rematou a carta cunha **post data** moi divertida. Non hai vida **post mortem**. O xefe debe ser un **primus inter pares** e non un dictador. O pensamento filosófico non debe facer perder a visión da realidade, **primum vivere, deinde philosophare**. Ten unha herdanza tan pequena que foi declarada **pro indiviso** para os seus fillos. Para acabar os estudos hai que valer: **quod natura non dat Salmantica non praestat**. A asemblea non tomou decisións porque non había **quorum**. O seu modélico comportamento debe considerarse unha **rara avis** hoxe en día. Na lápida aparece **R.I.P.**, pero na época dos romanos desexaban que a terra pesase pouco: **sit tibi terra levis**. O pobo será consultado sobre a entrada na Otan en **referéndum** (consulta popular). **S.P.Q.R.** era o selo que demostraba a sintonía entre o pobo e o senado de Roma. A mellor forma de conseguila paz é armarse **si vis pacem para bellum**. Ante a morte as riquezas non valen de nada: **sic transit gloria mundi**. Tras o infarmo ten un traballo **sine cura**. A reunión foi aprazada **sine die** pola escasa asistencia. Entregouse á policía **sponte sua**. Decidiron manter o anterior **statu quo** da Illa Perexil. Non podemos dicir, **stricto sensu**, que isto sexa unha obra mestra. O avogado non fará declaracións pois a causa está **sub iudice**. Empregaba unhas normas ortográficas un pouco **sui generis**. En ocasións a aplicación da lei pode ser inxusta, pola súa demora as veces os acusados xa están reintegrados na sociedade: **summum ius, summa iniuria**. A empresa presentou **superavit**. A herdanza foi repartida de modo que **suum cuique**. Faremos **tamquam tabula rasa** esquecendo todo o pasado. Non se pasa o día mirando a tele, pois **tempus fugit**. A reunión dexenerou e converteuse nun **totum revolutum**. “Tu quoque, fili mi” berrou César a Bruto cando era asasinado. Déronlle unha hora para aceptar o **ultimatum**, ou se renden ou serán abatidos. O Papa realizou a bendición **urbi et orbi**. Esta conclusión é rebatida posteriormente polo propio autor **ut infra** (páx:..). Para entender a postura do autor compárese **ut supra** no cap. III. Tan pronto como se presentou fixose dono da situación: **veni, vidi, vici**. Se non tes un contrato firmado non podes reclamar, pois **verba volant, scripta manent**. Para comprendelo compara **v.gr.** o seguinte.... O afecto entre eles é mutuo, el quérea e **vice versa**. A súa candidatura foi aprobada **viva voce**. O que comenta o pobo normalmente é verdade; **vox pupuli, vox Dei**.